



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 08/05/2019 9:11:48

SAIDA

5872/19



Reclamante: 

Expediente. Nº RSCTG 045/2019

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por D  , mediante escrito do 15 de Marzo de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. D  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 15/03/2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a denegación por silencio administrativo da súa solicitude de consulta do expediente administrativo RE 141907/RX 2791043, referente ás licenzas municipais supostamente outorgadas aos propietarios da parcela 6.013 do polígono 14 (referencia catastral nº 36033A014060130001 DP), para construción das dúas edificacións existentes na mesma parcela do termo municipal de Mos, así como a obtención de copias dos referidos expedientes

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude, presentando o interesado copia do seu DNI a efectos de acreditar a autenticidade da súa vontade, por requirimento da secretaria da Comisión da Transparencia

Segundo. Con data 20 de Marzo de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Mos para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data 28 de Marzo de 2019 o Concello de Mos contesta a petición remitindo oficio co que acompaña copia de autorización de acceso ao expediente urbanístico asinado

electronicamente con data do 3 de decembro de 2018, e con rexistro de saída do Concello de Mos da mesma data.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece na súa art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do

mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

No presente caso consta copia do rexistro de a remisión da resolución autorizando o acceso ao expediente, pero non consta, por non terse remitida polo Concello, a recepción polo interesado da comunicación, polo que debe admitirse a reclamación por considerarse que está presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

O interesado presenta reclamación por entender desestimado por silencio administrativo a súa solicitude de consulta do expediente administrativo RE 141907/RX 2791043, referente ás licenzas municipais supostamente outorgadas aos propietarios da parcela 6.013 do polígono 14 (referencia catastral nº 36033A014060130001 DP), para construción das dúas edificacións existentes na mesma parcela do termo municipal de Mos, así como a obtención de copias dos referidos expedientes.

Co oficio remitido polo Concello de Mos, acredítase que con data do 3 de decembro de 2018 se remitiu oficio no que se autoriza ao reclamante a acceder ao expediente urbanístico solicitado e obter copias mediante a súa comparecencia nas dependencias de urbanismo do concello no horario indicado, pero non existe constancia da recepción desta comunicación polo interesado. Dado que o interesado presentou reclamación o 15 de marzo de 2019, débese presumir que non recibiu a comunicación da concesión do acceso ao expediente a posibilidade de obtención de copias, polo que procede estimar a reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 15 de marzo de 2019, contra a denegación da súa solicitude de consulta do expediente administrativo RE 141907/RX 2791043, referente ás licenzas municipais supostamente outorgadas aos propietarios da parcela 6.013 do polígono 14 (referencia catastral nº 36033A014060130001 DP), para a construción das dúas edificacións existentes na mesma parcela do termo municipal de Mos, así como a obtención de copias dos referidos expedientes

Segundo: Instar ao Concello de Mos, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, comunique fehacientemente a autorización de acceso e obtención de copias ao solicitante, respectando de ser o caso, os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.



Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

33251717L Firmado digitalmente
por 33251717L
MILAGROS MILAGROS MARIA
MARIA OTERO OTERO (R: S6500009C)
(R: S6500009C) Fecha: 2019.05.07
12:30:16 +02'00'

Milagros Otero Parga

Presidenta da Comisión da Transparencia